

ANUNCIO

DAS BASES QUE REGULAN A PARTICIPACIÓN NOS CURSOS DIRIXIDOS A MULLERES DO MAR, MOZAS/MOZOS DO SECTOR PESQUEIRO E CARPINTERÍAS DE RIBEIRA PARA AUMENTAR AS COMPETENCIAS NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

OBXECTIVO

Mellorar as competencias e capacidades de certos colectivos dos profesionais do mar para o desenvolvemento de actividades de turismo mariñeiro.

DESTINATARIOS

- Mulleres profesionais do mar ou con vínculos familiares co sector do mar.
- Xoves, ata 35 anos, profesionais do mar ou con vínculos familiares co sector do mar.
- Propietarios, traballadores e familiares de estaleiros, carpinterías de ribeira e embarcacións tradicionais.

CALENDARIO E SEDES

Fase presencial

A data de realización do curso presencial será o 18 de setembro de 2017 e terá unha duración de tres horas, de 17 a 20 horas. **Confirmarase a todas as persoas inscritas o lugar e local dentro do territorio GALP Ría de Pontevedra.**

Fase personalizada

O curso ten un carácter eminentemente práctico e se realizarán sesións personalizadas nas sedes e nas localizacións das actividades de turismo mariñeiro cunha duración mínima de dúas xornadas.

PRAZOS E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes de participación remata o 14 de setembro ás 23:59h.

As solicitudes deberán ser feitas remitindo o impreso adxunto a gac6@accioncosteira.es

BASES

As bases da convocatoria están publicadas en <https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra>

En Marín, a 4 de setembro de 2017.

José Antonio Gómez, Presidente do GALP